



2.- Tendo en conta o documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

- Nomee cinco provincias nas que o número de incendios de tamaño maior ou igual a 1 hectárea sexa superior aos de menos de 1 hectárea (1 punto).
- Identifique o tipo de documento e indique as causas dos incendios. (1 punto).
- Explique as razóns dos valores que afectan a Galicia(1 punto).
- Expoña as consecuencias económicas e no medio natural dos incendios (1 punto).

a)Nomee cinco provincias nas que o número de incendios de tamaño maior ou igual a 1 hectárea sexa superior aos de menos de 1 hectárea (1 punto).

As provincias nas que o número de incendios de tamaño maior ou igual a 1 ha é superior aos de menos dunha ha: **Asturias, Cantabria, León, Zamora, Burgos, Toledo, Cidade Real e Guipúscoa.**

b) Identifique o tipo de documento e indique as causas dos incendios (1 punto).

A figura é un **mapa temático** e con **figuras de España con división provincial**, e no interior de cada unha delas represéntanse, mediante **histogramas**, unha información **sobre o número medio de incendios forestais por ano** -distribuídos entre aqueles que queimaron máis ou menos dunha ha de superficie- durante o período 1995-2005.

As **causas dos incendios forestais** poden ser **humanas** (intención delituosa de pirómanos, negligencias na queima de restrollos e mantemento de pastos...) **ou naturais**, como a caída de raios cando se producen as treboadas.

c) Explique as razóns dos valores que afectan a Galicia (1 punto).

Galicia constitúe a zona de España na que arde cada ano unha maior superficie, malia que o clima húmido sexa menos favorable ao lume. Isto é debido a que **a meirande parte dos lumes son provocados.** Provócanse **para tratar de manter os pastos para o gando en áreas de montaña,** seguindo unha práctica tradicional que se poñía de relevo na antiga cava de estivadas. E detrás destas actitudes delituosas están ás veces os **intereses de sectores económicos coa finalidade de obter cambios nos usos do solo para poder construír.** Hoxe en día, os riscos afectan en moitas ocasións a áreas poboadas que hai que desaloxar, dado que **o abandono das actividades no rural provocou un crecemento incontrolado da matogueira.**

Tamén os **cambios de uso do solo,** en especial **a repoboación forestal que moitas veces se ten feito con especies pirófilas** como eucaliptos, o que permite unha propagación máis cuantiosa dos lumes.

A **desatención ao coidado dos montes,** por estar en moitos deles en man común de veciños, tamén xustifica o desinterese polo coidado destes espazos, hoxe en día moi abandonados.

d) Expoña as consecuencias económicas e no medio natural dos incendios (1 punto).

Os incendios forestais producen graves consecuencias económicas e no medio natural.

Os danos humanos e económicos máis relevantes **inclúen** ás veces **perdas humanas** -por morte de xente implicada no seu sufocamento -, **materiais** -casas, vehículos...-, **perdas na silvicultura** e **deterioro de redes de comunicacións** eléctricas, telefónicas..., entre outros.

En canto ás ambientais, á destrución da cuberta vexetal -cun **incremento do risco de erosión** do solo ao

producirse as primeiras choivas torrenciais tras a queima- e a **perda de animais** que morren a consecuencia dos lumes, engádense as **alteracións no balance hídrico das cuncas fluviais nas que teñen lugar os devanditos incendios,** a **contaminación das augas polos restos dos incendios,** a **perda de especies animais, incluso no mar polo arrastre das cinzas e perda de osíxeno das augas.**